

Son humana e varío (A partir de Marlon Brando)

por Carmen Blanco

Ao alumnado da Facultade de Humanidades

Hai unha anécdota da vida do actor Marlon Brando segundo a cal, cando tivo que cubrir un formulario de entrada nos Estados Unidos indicando os seus datos persoais de nome, sexo ou raza, no relativo a este último, cubriu o apartado onde poñía COLOR coa palabra VARÍA.

O humor antirracista e reivindicativo da aceptación da diversidade humana que a anécdota evidencia, en sintonía con esta dimensión vital progresista do actor, inspirou o meu poema “A Tota Paria Tota Excelencia”. Un poema que, tamén con humor, xa desde o seu título, clama contra os prexuízos opresivos dos estereotipos humanos e reclama a riqueza da liberdade gardada no mellor dos diversos prototipos humanos.

“A Tota Paria Tota Excelencia” foi publicada por primeira vez no libro *Un mundo de mulleres* (2011) por amor á “excelencia” da xente “escravizada”, “paria” ou “intocable”. Agora quere estar neste *Evohé!* de cine.



Marlon Brando coa súa esposa polinesia Tarita Teriipaia e o seu fillo Teihotu

A TOTA PARIÀ TOTA EXCELENCIA

Son gallega	pel amarela
son xudía	cor cobre
son moura	olivácea
son xitana	paquistaní
son ladina	kikuia
son paia	kurda
paia poni	kikí
grega	de aquí
galega	de Coirós
castellana	Castro
maragata	Cotá
bárbara	de alá
filistea	cosova
saharauí	congolesa
sefardí	croata
latina	ácrata
hispana	catalá
sueca	americana
portuguesa	armenia
turca	mestiza
polaca	polar
romanesa	pacífica
celta	auroral
vasca	tropical
ibera	tépeda
vigur	nocturna
negra	Son humana
india	e varío
branca	E son o mellor
	de todo o que son